

# ***Literatura, política e educación na Galiza da época Nós. As teorías pedagógicas do Nacionalismo Galego: do primorrivismo ao republicanismo***

***Literature, Politics and Education in the Nós Period. Pedagogical Theories of Galician Nationalism: from Primo de Rivera to Republicanism***

Xulio PARDO DE NEYRA

Facultade de Ciencias da Educación

Universidade da Coruña

Ás miñas tías **Alicia e Graciela Fernández Couso**, pioneiras lucenses tanto nun labor docente plenamente galego como no ilusionado estudo literario da figura de Rosalía nos difícliles tempos do Franquismo.

**RESUMO:** Contributo polo que se estudan as aportacións pedagógicas da á máis renovadora da Galiza da Época Nós. Nun especialísimo momento, o do primeiro ensaio ditatorial do fascismo español, o grupo de valores intelectuais galegos más progresistas deciciu entregar á cultura da súa nación un aparato pedagóxico co que ainda non contaba e que había descubrir a escola galega. Neste primeiro interese localizamos a presenza de homes como Risco e Correa Calderón, quen axiña darían paso á constitución dun corpo literario infantil que a Galiza tampouco posuía. Coa chegada da II República Española, o novo interese pedagógico frutificaría coa axuda do Comité de Cooperación Intelectual e as Misiones Pedagógicas. Era este o tempo de aplicación dos ditados que o Correa delimitara nas súas Notas para un magisterio idealista, un dos máis descoñecidos e interesantes textos do ensaio e da pedagoxía da Galiza de Preguerra.

**PALABRAS-CHAVE:** Didáctica da Literatura, Literatura Galega, Historia da Educación, Pedagoxía.

**ABSTRACT:** A study that analyzes the contributions of the most progressive wing of Galicia in the Nós Period. It was a very special period in time, the early discourse of Spanish

Dictatorial Fascism, and a group touting the more progressive Galician intellectual values decided to offer the culture of its nation a pedagogical tool which was still out of reach and which was to be discovered -the Galician School. In this first respect, we highlight the presence of men like Risco and Correa Calderón, who soon go on to create a literary world for children that was lacking in Galicia. With the coming of the Second Spanish Republic, the new pedagogical interest would flourish with the help of the Comité de Cooperación Intelectual and the Misiones Pedagógicas. It was the time for the application of the dictate that Correa had outlined in his *Notas para un magisterio idealista*, one of the little known and most interesting collections of essays and pedagogical texts in Galicia before the Spanish Civil War.

KEY WORDS: Didactics of Literature, Galician Literature, History of Education, Pedagogy.

### ***Notas para un magisterio idealista ou a teoría pedagóxica galega dos tempos da ditadura primorriviana***

A chegada do xeneral Miguel Primo de Rivera ao poder, mediante un golpe de Estado que se ben non foi orixinalmente concibido polo rei si foi consensuado e alegremente admitido polas esferas monárquicas españolas, a cuxa cabeza situábase a case decorativa figura de Afonso Borbón, un orgulloso décimo-terceiro Afonso na fantástica nómina de monarcas hispánicos e noveno Borbón en ocupar o trono de España, supuxo un duro golpe para a evolución do galeguismo nacionalista, que levaba xa un lustro de vida.

Ademais da disolución de concellos e deputacións provinciais, o militarismo primorriviano despregou todo o seu interese en salvagardar os argumentos patrióticos españolis tas, persegundo todo aquilo que puidese supor un perigo para a “unidad nacional”. Froito deste labor institucional foi a desaparición da Irmandade Nazonalista Galega de Risco e a atenuación do espírito organizativo da Irmandade da Fala d'A Coruña, que tratou de resistir elegantemente, a costa de rexeitar de calquera actividade política, centrándose unicamente nas actividades culturais.

A partir de 1925, tras os tímidos exercicios galeguistas incentivados polo grupo lucense dos *ronseis*, que proxectou a súa entidade através dunha revista e unha editorial e convocou os intelectuais para organizar diversos acontecementos na cidade dos muros romanos, levado polo espírito euskaldún e catalanista, o nacionalismo galego rapidamente decide dar forma ao proxecto dunha escola verdadeiramente de seu.

Antes de que o galeguismo se orientase cara á súa vea plenamente autonomista e más conscientemente debedora da ideoloxía progresista do republicanismo españolista de Casares Quiroga (aquel anterior á dun azañismo tamén de corte españolista mais antifederal), en 1930, momentos antes de que se asinase o Pacto de Barrantes, Paz-Andrade confesou a liña argumental do novo nacionalismo pre-republicano:

nós vimos a construír unha nova Galicia, que sexa como espello da súa propia esencia étnica. Queremos unha Galicia autónoma, señora de sí mesma, que sexa oficialmente o que é ela naturalmente. Levando os principios democráticos á súa más radical manifesta-

ción, arelamos que o pobo galego entenda directamente os seus problemas [...] unha autonomía rexional asentada na municipal, con dereito ó uso da nosa fala,inxustamente desterrada das escolas e das cátedras de ensinanza superiores; con igualdá de dereitos para a muller e o home [...] en remate de contas, nós defendemos o que todos vós sentídes (Paz-Andrade 1930).

Seis anos antes da sinatura do pacto galeguista, que non contou coa participación dun Correa por entón involucrado co proxecto universitario hispánico como lector de español na Universidade de Bucuresti, o seu labor intelectual situouse á vanguarda da teoría da educación na Galiza. Non era nada curioso que un home como o Correa Calderón, pai do primeiro *corpus* vanguardista da literatura galega, pai das primeiras mostras neopopularistas da Galiza e, en certo xeito, responsábel da organización da I Asemblea Nacionalista da historia do seu territorio de nacemento, tratase de se situar na vanguarda da pedagogía galega do século XX no mesmo ano en que estaba a parir a revista *Ronsel*. Falo de *Notas para un magisterio idealista. Ensayo de pedagogía*, un pioneiro traballo – malia que tristemente redixido en castelán – escrito en 1924 mais que, embora, permanecería gardado nunha das gavetas da súa mesa de traballo lucense durante tres años, tras os que aproveitando o interese de Lastra e Galera Moreno, dous mestres lugueses amigos seus, e que un mes antes de que comezase a funcionar o ‘proxecto ronsel’ fundaran a revista *Vida Escolar*, especialmente dirixida cara ao mundo do maxisterio lucense, puido sacalo á luz como separata da revista pedagóxica de Lugo.

*Notas para un magisterio idealista* abríase cunha caricatura de Correa feita polo pintor, deseñador e escritor Ángel Johán, por entón un dos seus compañeiros na experiencia xornalística do vanguardismo galego. No folleto, que non en van estaba auspiciado tanto polo labor educativo da Irmandade da Fala d'A Coruña como polos de Xoán Vicente Viqueira e Luis Bello Trompeta, ben dentro do maxisterio galego, ben dentro do español, Correa propúña a súa teoría da pedagogía como símbolo do perfeccionamento humano. O opúsculo incluía referencias a Tagore e á *Arte de ser portugués* de Teixeira de Pascoaes, así como alababa a *Escola d'Estiu* catalá, a pedagogía psicolóxico-experimental de Viqueira, as teorías liberais de Giner (non en van o máximo referente viqueirano) e a entidade investigadora de Manjón.

O ensaio comezaba por avaliar o idealismo no primeiro ensino, xa que “como en la pequeña semilla se encuentra el gran árbol frondoso, ¿se halla así, en la tierna alma del niño, el hombre apto para el porvenir?” e así “ha de creerse con Aristóteles que el hombre que nace a la vida es una tábula rasa de cera, intacta, en la que hay que ir grabando emocionalmente los caracteres de las más simples enseñanzas”. Por iso, seguindo agora os ditados de Tagore, expuña que “cada alma de niño, dúctil como húmeda pella de barro sin modelar, es el centro del mundo, como el punto lo es de la circunferencia”, debido a que “cada alma de niño es una posibilidad. Puede ser un anormal pedagógico, pero también puede ser el Héroe” (Correa Calderón 1927: 7-9).

Mais nel non só recollía os criterios de Rabindranath Tagore, autor d'*O meu Señor o Neno*, “poema emocionado, lleno de trémolos dolorosos, con un desenlace de sacrificio, en el que está contenida, en su esencia, la pedagogía el poeta bengali”. Así, dun mesmo modo recreaba a *Xenealoxía dos símbolos* do pensador noventaeoitista Diego Ruiz, onde

se dicía que “un educador [...] debe resignarse a morir enteramente a manos de sus niños, a ser absorbido [sic] por el espíritu nuevo, contra el que no opondrá resistencia” (cf. Correa Calderón 1927: 10-11), e a *Arte de ser portugués*, da que reproducía un parágrafo en que se aconsellaba o amor humano sobre o futuro, a verdadeira posibilidade e o que en si representaba o cambio, que, neste caso, o neirés levaba cara ao neno e á nena; de aí que destacase: “adoremos al niño por la posibilidad que encierra en sí, formándolo a nuestra imagen y semejanza – si somos perfectos – hasta que sepa volar, sin guía y maestro, y resignémonos a volver a ensayar nuestro conocimiento en un nuevo niño balbuceante” (Correa Calderón 1927: 14).

Desta forma, e porque “durante muchos siglos se ha confundido la labor del maestro con la de un domesticador” (Correa Calderón 1927: 17), no seu ensaio propuña unha educación infantil sen ningún tipo de violencia, o cal implicaba a creación dun aparato escolar orientado especialmente cara aos mestres e mestras. Parangoando a Viqueira e sempre inmerso nos canons galeguistas que ilusionados observaban a traxectoria educativa catalá, Correa falaba da *Escola d'Estiu* e de todo o que implicaba dentro do empurre educativo daquela nación:

habría que instituir, como ha hecho la admirable Sección de Instrucción pública de la mancomunidad catalana, la Escola d'Estiu, para los maestros. De muchos viejos maestros podría decirse que son “analfabetos por desuso”, como expresa Unamuno. Al obtener el título se van a un apartado rincón rural, en el que se abandonan y contagian. Hay unas cuantas verdades eternas, unos cuantos principios inmutables en la enseñanza, que quizás ellos retengan, mas en el detalle los sistemas evolucionan, y todos los días conocemos una nueva verdad.

La Escola d'Estiu renovaría el conocimiento adquirido, exhumaría lo olvidado, mostraría nuevas fases de las cosas. Serían éstos, en la vacación del verano, unos fecundos ejercicios espirituales.

La revista hebdomadaria profesional – pero hecha y pensada como los *Quaderns d'Estudi* o la Revista de Pedagogía o el Boletín de la Institución Libre de Enseñanza, pues las demás son casi exclusivamente administrativas – sería una buena manera de mostrar el panorama universal de la pedagogía, de formar espíritus nuevos.

No olvidemos que el porvenir depende, antes que del niño, del alfarero que ha de formarlo.

Habría que decir a los maestros estas palabras nunciales: “Sentid el entusiasmo de vuestro sacerdocio, porque la ciencia o es el arte – según queráis interpretarlo – de más bellas facetas. En cada niño se os revelará un mundo. Si el astrónomo es el poseedor de su infinito estelar, si el biólogo en un preparado microbiano puede lograr un hallazgo sorprendente, si el cirujano puede salvar una vida huidiza con el filo de su bisturí, si un artista puede eternizar una emoción por él sentida, le [sic] maestro tiene en sus manos la masa blanda de una nueva humanidad. Sentid el entusiasmo, el orgullo de vuestro sacerdocio porque podreis hacer del futuro un incendio de idealismo. Que arda en vosotros como un fuego sagrado de entusiasmo cotidiano, que encienda por sugestión, en vuestros niños, las antorchas juveniles del entusiasmo por la vida” (Correa Calderón 1927: 21-23).

A continuación falaría do “Método”, un método que anque complexo (o da paidoloxía) fose sinxelo e accesíbel (o da pedagoxía). Para iso utilizou os argumentos de seu vello amigo Xoán Vicente Viqueira, “el malogrado Viqueira”, a respecto dunha aprendizaxe

infantil que en primeiro lugar observase a constancia no traballo. Despois, en “Elección de camino”, explicaría a necesidade da separación escolar segundo as afeccións, segundo as cualidades persoais e “fomentando la especialidad agradable a cada uno” (Correa Calderón 1927: 34). Deseguido, en “Influencia del ambiente”, facéndose eco tanto dos argumentos risquianos como dos que, através do institucionismo español, el mesmo vivira, tratou sobre a importancia do espazo de ensino, porque:

tanto como hacer Maestros debieran construirse edificios escolares. Entretanto no desaparezca el patetismo de las escuelas el educador será impotente. El niño seguirá siendo un hombrecito serio, triste y doliente.

Las escuelas urbanas habrían de ser aún más higiénicas que las rurales. Que entrara en ellas el sol y la luz a raudal, que tuviesen un amplio lugar abierto para el esparcimiento del niño (Correa Calderón 1927: 36).

Así, porque “el niño ha sufrido mucho tiempo la coacción de una sociedad absurda”, retrata Francisco Giner de los Ríos como “el Maestro de España”, de quen recuperar palabras como estas: “la Escuela triste, sin horizonte, de espaldas al campo; el Maestro triste, agrio, iracundo; la enseñanza triste, fría como cosa mecánica, a que hay que sujetarse por fuerza, van pasando, pasando” (cf. Correa Calderón 1927: 37). Mais á vez tamén lembraba Angelo Patri, Froebel, Montessori e Tagore de novo, de quen destacou que a súa obra “tiembla en una palpitante ternura, quizá lograda por el contacto diario con los niños de la escuela de Shantiniketan, en Bolpur, fundada y regida por él” (Correa Calderón 1927: 38). Por todo iso, resumindo o labor idealizado do que debería constituir a figura do educador ou educadora de nenos e nenas, quixo concluír:

el educador perfecto sería aquel que se confundiese con sus discípulos, que convirtiese la disciplina y el aprender en un juego, aquel que no se supiese si enseñaba o aprendía.

Hemos soñado muchas veces con una escuela blanca, enjabelgada, cuyas amplias ventanas se abriesen a los cuatro puntos cardinales, sobre una colina, rodeada de un verde paisaje, en un país en el que no lloviese mucho ...

El maestro sería un niño más, alegre, bondadoso, apacible.

Habría un pájaro en una jaula, que cantaba, pero que quizá cantaba de tristeza, y entre todos lo echaríamos a volar para que gozase de la libertad, del sol, de la alegría ... (Correa Calderón 1927: 39).

Continuando co seu programa de ‘escola ideal’, seguidamente pasa a establecer o deseño do que, segundo os seus criterios, debía ser a “Escuela de Estudios Prácticos”. Iniciando as súas consideracións coa advertencia de que estaba a falar de centros para un alumnado menor de doce anos, sinalou a necesidade da educación mixta porque “esa separación rencorosa de los sexos ha aislado muchas almas de niño que hubieran comulgado en una idéntica ilusión diaria”. Aínda así, os teoremas machistas do escritor de Neira de Rei reservaban distintos destinos para ambos sexos, porque:

llegada esa edad de los doce años, la mujer pasaría a aprender labores, los conocimientos que le fuesen más precisos. Las escuelas de Puericultura, la oficina, las carreras cortas, la Universidad la esperarían también. En la Universidad volvería el trato obligado con el compa-

ñero. La educación común con el hombre sería su mejor defensa. El régimen árabe, en el que las mujeres se ocultan detrás de celosías y que en la calle solo muestran los ojos, es un anacronismo, hay que reconocerlo. El mundo necesita el esfuerzo de la mujer, pero no de un modo accidental, sino conjuntamente con el hombre.

De este compañerismo se lograría una mayor energía, una mayor voluntad en la mujer, más buen gusto, más delicadeza, más sensibilidad en el hombre, porque cada sexo habría dado al otro sus cualidades intrínsecas. El standard de perfección sería que uno no tuviese exceso de feminidad y otro exceso de barbarie, sino que la mujer fuese más fuerte de lo que es – para servir de madre a una raza potente – y que el hombre no fuese tan bestial.

El niño a los doce años podría pasar a la preparación para estudios superiores o bien a una escuela de Estudios Prácticos (Correa Calderón 1927: 42).

A realidade da educación práctica viría marcada, segundo Correa, porque “el mayor contingente de discípulos lo da el campo, donde está más abandonada la enseñanza, y sin embargo la esperanza de todo porvenir, hemos de fundarla, en los países casi exclusivamente agrícolas, en la enorme multitud rural, ignorante y resignada”; por iso, avaliando a necesidade do “problema de la cultura en Galicia”, que cualificaba como “grave y urgente”, analizou a posibilidade da creación destas escolas na Galiza. Seguindo un “esquema de proyecto”, que “una sociedad de emigrantes nostálgicos nos ha pedido [...] para la comarca donde han nacido”, e apuntando como exemplos as escolas de traballo alemás e soviéticas, delimitou:

habría que comenzar por construir los edificios escolares. Si se crease una escuela en cada parroquia, en cada burgo, se evitaría que los niños tuviesen que andar cinco kilómetros para ir a la más cercana escuela, por malos caminos como sucede muchas veces.

Las iglesias aldeanas gallegas suelen levantarse en altozanos. Antes de llegar a una aldea vemos asomar a lo lejos la espaldaña de la iglesia, en la que hay dos campanitas. Que la escuela se levantase en un lugar semejante, tanto como para que escurriesen las aguas como para que pareciese un alcor; que antes de llegar viéramos flanquear su banderita blanca o la punta de su pararrayos; que tuviese un campo de juegos a su redor a donde gustasen de acudir los niños hasta los domingos.

Y que caminando por un valle o por aldeas de la montaña fuésemos viendo una y otra semejantes, y que no supiésemos cual estaba más blanca, si la iglesia o la escuela.

En estas escuelas rurales debería haber una pequeña biblioteca: unos cuantos libros de Agricultura, de oficios, sobre España, sobre América, (hacia donde se dirigen nuestras ansias migratorias), de viajes, novelas, versos populares. El maestro podría dar alguna lectura de ellos en las clases de adultos o en los lugares donde se reuniesen los aldeanos. A fin habrían de agradecérselo, porque era un descanso en sus trabajos corporales [...] Estas bibliotecas – imitando el régimen de las organizadas por la Mancomunidad Catalana – tendrían un catálogo de la municipal y de la provincial, pudiendo solicitar aquellos libros que le fuesen precisos.

En el núcleo mayor de cada Ayuntamiento se crearía una Escuela de Estudios Prácticos. Además de la escuela primaria, estaría constituida por un Taller de Oficios e Industrias, una Granja de Ensayos y Perfeccionamientos, una Escuela de Emigrantes, una Biblioteca Popular. ¡Ah! y por un campo de deportes.

En el Taller de Oficios e Industrias habría una carpintería, una herrería, un telar, una alfalería, etc. Aquellos oficios, aquellas industrias más convenientes y más adaptables a cada localidad. Dándoles local y libertad de trabajo, los artesanos más perfectos se prestarían a dar enseñanza a los alumnos aprendices.

La Granja de Ensayos y Perfeccionamientos estaría regida por un perito agrícola. Se ensayarían en ella abonos minerales, máquinas, semillas, sistemas de cultivo, etc. Las clases serían prácticas y sencillas. Se darían cursillos para los alumnos y para el público en general, sobre ganadería, quesería, sidrería, vinificación, apicultura, avicultura, arboricultura.

La Escuela de Emigrantes funcionaría en períodos de quince días para enseñarles lo más indispensable, geografía del país a donde marchasen, elementos de matemáticas, mecanografía, repaso de conocimientos elementales. Podría ampliarse la enseñanza al aprendizaje de un oficio. El regente de esa escuela – que pudiera ser el maestro de la escuela primaria, con el sobresueldo del importe de las matrículas de cada alumno – resolvería las dificultades que surgiesen al emigrante, le aconsejaría, le informaría, para que en su éxodo tuviera un buen recuerdo de su patria. Es muy grande el amor a la tierra donde se ha nacido que sino los que hoy emigran irían maldiciéndola.

La Biblioteca sería central de las parroquiales, a las que serviría los libros que pidiesen. Tendría una sala abierta hasta la entrada de la noche, con luz y calefacción.

El Campo de Deportes rodearía la escuela y sería público. Además de un campo de fútbol, tendría un frontón y una pista. En Galicia habría que fomentar el juego de la *carroula*, de la ruedecita, tan popular, y que es una bella composición rural del lanzamiento de discos griegos y del *golf* inglés. Creo inútil hablar de la conveniencia del deporte, cual sea, para crear una raza fuerte (Correa Calderón 1927: 45-47).

Outra das pautas que Correa Calderón elaborou sobre a pedagogía centrouse no maxisterio de Luis Bello, emblemático ensinante da España institucionista. Por medio de dous textos, un publicado na prensa madrileña e outro escrito para a galega, o escritor e ideólogo neirés aparece nitidamente como un dos melhores pensadores a respecto do feito do ensino galego, que quería abrir, agora más alá das portas do catalanismo, cara á renovación educativo-pedagólica que, precisamente, o institucionismo español estaba a demostrar atendendo á voz de Luis Bello.

Neste sentido cómpre recordar como no terceiro artigo da serie que publicou en *El Sol* de Madrid, titulado “Invitación a Luis Bello” e que asinou en Lugo en agosto de 1926, consoante ao que por entón publicaba nas páxinas de *El Pueblo Gallego* de Vigo, Correa Calderón afirmaba a importancia e a urxencia do “problema [...] de la escuela en España”, que xa iniciara dous anos antes, cando escribiu *Notas para un magisterio idealista*. Antes de finalizar indicando que “ya que el Estado se ha olvidado de esta verde e implorante Galiza, habrá que solicitar de todos una limosna para la cultura gallega”, o Correa fala de Bello Trompeta, “nuevo Caballero de la Triste Figura”, que “sigue sus andanzas por España, en bien de la cultura popular”. E critica en primeiro lugar a impasibilidade galega (“vivimos en el feliz país donde no recogemos porque no hemos sembrado. Dormimos la siesta en la esperanza de que bajen a labrar la tierra por nosotros”) e despois argumentou a necesidade de sementar para as xeneracións vindeiras, berrando “¡Escuela y despensa!”, pois “sería pueril todo intento de reconstrucción que no tuviese como primordia-

les estos dos problemas". Polo tanto, "sea porque Galicia está asociada de toda calamidad o bien porque a nosotros, fieles amadores de nuestra tierra, se nos aparecen agrandados estos males, lo cierto es que se ven a primera mirada".

Falaba, deste modo, de 'escola', "por no hacer demasiado larga y dolorosa esta nota", substentando a súa idea en que a primeira necesidade sería inaugurar un establecemento educativo por cada núcleo de poboación, dada a disseminación humana da paisaxe galega:

y entretanto no se haga así, seguirá latente y viva la ignorancia rural, teniendo que andar los muchachos largas, enormes distancias por caminos fangosos y encharcados o por caminos de cabras para encerrarse varias horas en un local insalubre, en el que no entra el Sol. Pero no se crea después de esta caminata el muchacho gallego ha llegado a una Escuela del Estado. No. Suele ser ésta una escuela particular, que el aldeano paga con un "tego" de grano de centeno al año, y en la cual el maestro es un hombre de buena voluntad, que sabe leer y escribir y algo de cuentas.

Confesou ter soñado "tantas veces con ver escuelas blancas en todas las colinas, en las abrigadas laderas de las montañas, rodeadas de un campo ensombrecido por árboles frutales y a las que acudieron los niños aldeanos hasta el domingo y en las tardes de los jueves, como los pájaros a su nido!", e puxo os exemplos dunha "zona montañosa de Neyra de Jusá (Lugo), que comprende doce parroquias, con un área de unos cien kilómetros cuadrados" e no que só existía unha escola, e o dun val "de los [...] más fértils de Galicia, el de Neyra de Rey, que tiene unos quince kilómetros de longitud, y tres escuelas". De aí que, despois de expor a realidade galega, falase de Luis Bello como o 'adaíl necesario' neste proceso. Por iso, amonestando a intelectualidade galega, para el debían ser os escritores "que ejercen su cargo de maestros en ciudades, villas y aldeas" quen "invitasen reiteradamente a Luis Bello a que visitase Galiza en paciente visita escolar, para que recogiese sus ansias y necesidades más perentorias de cultura" (Correa Calderón 1926).

Bello Trompeta, que desde 1916 colaboraba asiduamente nas páxinas de *El Sol*, iniciou a súa visita polas escolas españolas, visita da que puntualmente informou desde os números da referida empresa xornalística madrileña. Tres anos máis tarde, tras o seu periplo polas escolas de "Andalucía, de Extremadura e incluso de África", cando recibiu "un homenaje nacional" e os seus "artículos de "El Sol" han despertado la atención de toda España" (Anaya 1974: 47), comezou a súa andaina polas escolas da Galiza, que a partir do 7 de agosto de 1929 tamén recollería *El Sol*, polo que en "Invitación a Luis Bello", Correa Calderón perfilase como o primeiro peticionario galego da necesidade dunha visita galega de Bello<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> En "Luis Bello, en Lugo", artigo que Correa publicou en 1928, fíxose eco da visita do intelectual español á cidade de Lugo, sobre a cal, o 25 de setembro de 1929, o propio Bello escribiu en *El Sol* o texto "Lugo, la capital", unha colaboración asinada despois da súa segunda estadia license (cf. Bello 1974: 135-138). Un ano máis tarde, esta vez desde as páxinas de *Vida Escolar* de Lugo, Xosé Ramón e Fernández-Oxea informaría da morte do pedagogo español (cf. Ben-Cho-Shey 1929).

O 19 de setembro de 1928, Correa volveu dar contas da súa preocupación pedagóxica e, como non, centrándose novamente na figura de Bello Trompeta. Esta vez fixoo no rotativo *El Pueblo Gallego* da cidade olívica, onde por esos días levaba a célebre sección xornalística “Los trabajos y los días”. O artigo titulábase “Luis Bello, en Lugo”, unha colaboración ilustrada cunha fotografía que o propio Correa Calderón lle tirara diante do convento lucense de San Domingos, “donde están situadas las escuelas graduadas”.

Tras a súa estadía na cidade do cinto pétreo romano, Evaristo Correa acompañou a Bello polas terras que conformaban o seu país de nacencia, o de Neira, amosándolle e visitando con el as súas escolas, todo o cal o español reflectiría deseguido en “Neira de Jusá. Historia de cincuenta años: desde 1879 a 1929”, un documento que publicaría no precitado medio madrileño en que colaboraba o 13 de outubro de 1929 (cf. Bello 1974: 143-147)<sup>2</sup>.

En “Luis Bello, en Lugo” Correa recordaba como “hace dos años dirigíamos a Luis Bello, desde “El Sol”, unha invitación cordial para que visitase nuestra tierra”, invitación que daquela se cumplría, polo cal:

Galicia, en su ansia cotidiana de superación mira con tristeza el ambiente triste en que se desenvuelve la formación de su generación última. Sabe que todo depende de los más jóvenes, que si ellos van modelados toscamente pocas esperanzas podrán tenerse en nuestro porvenir.

Os seus mesmos desexos a respecto da educación levárono a sinalar que “quizá Galicia no sea el país ibérico que vaya a la zaga en cuanto a la enseñanza”, e que “posee [...] un amplio núcleo de hombres preparados que quisieran para su patria, la máxima perfección”, xa que:

para estos hombres, que llevan la patria en el corazón, que meditan en nuestras ciudades o que en las pampas argentinas, bajo el ardiente sol cubano o en las avenidas de New York, piensan en la tierra ausente la noticia de la llegada de Luis Bello les llenará de tristeza y les llenará de júbilo.

De tristeza, porque van a saber el pobre estado de nuestras escuelas, y cuanto habría que laborar para que el problema más fundamental y perentorio de nuestra tierra hallase una resolución perfecta y ejemplar.

Y de júbilo también, porque ellos saben cuanto tiene de acicate la presencia de este caminante, de este ilustre visitador de escuelas.

Para Correa, a presenza de “Luis Bello – el Don no cuadra bien a hombre tan sencillo y cordial”, “frente arada de surcos pensativos, mano nervuda en la que el estilo no tiem-

---

<sup>2</sup> Además de guía polo país de Neira, Correa proporcionoulle a Bello unha pequena historia sobre a traxectoria educativa da bisbarra, que, como comprobamos, aquel recolleu na súa referida “Historia de cincuenta años”. Mais nela, nem bargantes, Bello confundiría o nome do sucesor do mestre baralleiro Benigno Fernández, xa que non se trata de “Andrés de la Peña” (cf. Bello 1974: 146) senón de Ginés de la Peña, quen, por outra parte, tiña sido o mestre de primeiras letras do propio Evaristo Correa Calderón.

bla”, “hará más labor a favor de la cultura elemental de Galicia que todas esas visitas oficiales, con dietas, estériles casi siempre”. Porque, e así finalizaba:

cuando la muchedumbre de hombres buenos y generosos que sueñan cada día en nuestro “Rexurdimento”, se dé cuenta del abandono y de la indigencia en que se ha tenido hasta ahora la escuela gallega, levantarán su clamor y su protesta, o, lo que es mejor, cada uno ofrecerá su óbolo para la construcción del edificio ideal de Galicia, cuya primera piedra ha de ser la escuela rural (Correa Calderón 1928).

Xa non se trataba, pois, nin dunha análise nin dunha proposta, algo que desde 1924 tiña centrado boa parte da súa producción ensaística. Era más ben un desexo de emancipación que anque se tivese contaxiado xa dun certo españolismo – aquí travestido do mesmo iberismo que caracterizaba os argumentos ideolóxicos que dominaban a liña de *La Gaceta Literaria* de Madrid, dirixida polo seu amigo Giménez Caballero e na que se involucrara desde o seu primeiro número (cf. Pardo de Neyra 2007 e 2009) – tratava de actuar consonte ás intencións que, desde 1917, el mesmo desenvolvera na súa ampla rede de manifestos galegos. Como podemos observar, en 1928 aínda confesaba desexar a chegada dun rexurdimento que fose quen de conducir a Galiza, neste caso o seu aparato educativo e especialmente rexenerador da escola rural, cara á unha consolidación plena, o cal viña se inscribir no seu interesante proxecto renovador xeracional de 1925.

Considerando este devir, deste modo, Correa Calderón confírmase como un dos intelectuais galegos más concienciados coa máis anovadora teoría da educación do momento, algo que xa tivera motivado directamente o pensamento de seu admirado Viqueira. Anque quizais poidamos cualificar *Concepción Singela d'o Ceo* como un primeiro ensaio de literatura infantil – en todo caso como unha proba más da súa practicada liña literaria *sinxelista*<sup>3</sup> –, é verdadeiramente *Margarida a da sorrisa d'aurora*, conto publicado o mesmo ano da saída de *Notas para un magisterio idealista* (que sen embargo escribiu durante a xestación da empresa xornalística lucense de vanguarda), a obra que dá inicio a unha literatura galega de autor especificamente orientada cara aos nenos e ás nenas, é dicir, o primeiro traballo que, con voz propia, a intelectualidade galega de Preguerra dedicaba para os máis xoves.

Apesar de que desde 1921, data da edición d'*O rei avarento* de Risco e ano en que este mesmo escritor escribiu *O labrego e mais o rei* e *A dona encantada*, a *intelligentsia* nacionalista da Galiza procedera a fixar os seus ollos na necesidade da construcción dun corpo literario para os e as menores, aquela intención unicamente se presentara como unha experiencia que, fóra de calquera adscrición autorial, tratava de aparecer como un corpo experimental, dirixido tan só cara á práctica escolar, isto é, tentando dar aos nenos e nenas algún documento propio co cal poder contar co que podería ser un conxunto lite-

---

<sup>3</sup> A novela, que apareceu entre outubro de 1924 e marzo do ano seguinte (segundo comprobamos polos anuncios publicados en *Ronsel* e *A Nosa Terra*), foi cualificada polo seu propio autor, nas páginas do número de *Ronsel* de agosto de 1924, como “síntese da luta do paganismo e do espírito cristiano na Galiza”, o cal despeza as dúbihdas que poderíamos ter sobre o seu pleno carácter infantil.

rario para o traballo aular e para a diversión, en resumo, o mellor para o fomento da lectura en galego. Por iso, cando en 1927 Correa e Casal axuntaron esforzos para dar á luz o primeiro conto infantil de autor da literatura galega, non só estaban a atender á tamén necesitada realidade de que os nenos e nenas galegos puidesen ler, traballar e divertirse, traballos literarios especialmente dirixidos cara ao seu mundo, xa que, ademais, estaban a pór a primeira pedra dun futuro edificio literario que, pese a que non callaría até moito despois, involucraba a esfera de escritores galegos coa redacción de verdadeiras obras literarias capaces de espertar o amor pola lectura nas xeracións das que, en realidade, todo se agardaba.

### **A vocación didáctico-pedagógica do republicanismo galego**

Á par que as sociedades europeas, inmersas na óptica capitalista máis feroz, comezaban a se poblar de obreros e traballadoras que, transplantados das marxes rurais, habitaban nas súas cidades, homes e mulleres culturalmente involucrados coa desgraza do e da oprimida decidiron acometer un programa axustado ás carencias dos e das desfavorecidas, proclamando o reinado dunha xustiza social que puidese equiparar todos e todas os ciudadáns como individuos, anque para iso se tivesen que rebelar contra o establecido, que aínda seguía permitindo o sometimento da maioría pola minoría. Así pois, ante o estupor dos más enriquecidos, o civismo comezou a proclamar a igualdade do xénero humano e o código da súa simboloxía, formado por simples palabras que, na maior parte dos casos, clamaban pola erradicación de calquera tipo de vasalaxe, procedeu a se considerar como un algo revolucionario que tentaba desfacer o sistema inveterado dunha tradición de grandes e pequenos. Desta forma, se era necesario – que o era – decidiron recorrer á violencia verbal e mesmo á física; desgrazadamente, trunfos como os das revolucións francesa e soviética argumentáronse desde a máis exacerbada das vehemencias: quizais só así se podería pretender a instauración dunha necesaria monarquía sen máis rei que a igualdade humana. É por todo iso como cando abordamos a análise da literatura desde unha perspectiva exclusivamente didáctica, debemos partir da premisa que a identifica como arquivo da comunidade, de aí que debamos considerala como unha das manifestacións humanas más peculiares. Así pois, ao atender á poesía, un dos xéneros ou modos que conforman a actividade intelectual literaria, e ao explorar a súa vía máis intensa, cremos oportuno centrámonos na súa dimensión social, aquela que permite identificala cun documento compromisario. Nada é máis útil – xulgo – para descubrir a vía didáctico-pedagógica do esquema poético que concibir a literatura como un sistema significante formante dun ámbito estritamente semiolóxico, polo que, en boa lóxica, calquera das súas manifestacións xenéricas son, *a priori*, eslavóns dun proceso comunicativo, mensaxes elaboradas por un emisor moito máis cualificado que o falante ordinario e, como xa sinalou Lázaro Carreter, fórmulas intanxíbeis, literais, liberadas da responsabilidade suprema da información e dirixidas cara a uns receptores sen rostro (cf. Lázaro Carreter 1974: 24-25). Desta forma, a teoría da literatura mellor definida incluiría tanto unha vía propiamente textual ('teoría do texto literario') como unha pragmática específica que considera que a súa producción se substenta en contextos sociais ('teoría dos contextos literarios') (cf. Dijk 1980, Levinson 1983; Mayoral 1987). En consecuencia, como ten argumentado

Mignolo, os tramos da comprensión literaria asentan en principios diferentes, anque complementarios, segundo as necesidades hermenéuticas e teóricas de quen se aproxima ao feito literario en si (cf. Mignolo 1983). De aí que ao afrontar un achegamento cara a calquera documento literario procedamos a aunar a súa compoñente interpretativa e a súa vertente puramente científica, algo que nos permitirá incluílo con claridade no seu contexto teórico, así como nun marco histórico específico (a realidade política, cultural e/o estética) (cf. Ballester 1998: 321).

Mais tamén cómpre non esquecer que na literatura se articulan dous esquemas interrelacionados entre si. Un proceso de construcción edificado polo autor ou autora e un proceso de deconstrucción que vén sendo competencia do lector ou lectora. Por unha parte, portanto, a lectura posúe unha función socializante na que a súa didáctica se enriquece con correntes interpretativas como a socioloxía literaria e a estética da recepción, onde, en boa medida, o papel do lector pasa a ser definitivo na propia transmisión do acto literario e onde, ademais, a deconstrucción xoga un papel de relevancia no que atines ao contido literario desde a perspectiva histórica que domina calquera manifestación e desde a vía que asegura a importancia do grupo lector no propio acto literario. Pola otra, la obra literaria tradúcese como *cumulum* rexido por argumentacións estéticas, organizada a vontade polos caprichos dun individuo situado fronte ao seu espazo: o da sociedade que o circunda e o do programa teórico literario que lle tocou vivir; ambos subxacentes no espírito creador do e da literata, ambos complementarios e ambos convenientemente axustados. Polo tanto, como recomendaban os críticos formalistas soviéticos:

el acto de percepción en arte es un fin en sí mismo y debe ser prolongado; el arte es un medio para sentir la transformación del objeto, lo que ya está transformado no importa para el arte [...] Al examinar la lengua poética tanto en sus componentes fonéticos y de léxico como en la disposición de las palabras y de las construcciones semánticas constituidas por esas palabras, advertimos que el carácter estético se revela siempre por los mismos signos: es creado conscientemente para liberar la percepción del automatismo; su visión representa la finalidad del creador y está construida artificialmente, de manera que la percepción se detenga sobre ella y llegue al máximo de su fuerza y su duración. El objeto es percibirlo no como una parte del espacio, sino por así decirlo en su continuidad. La lengua poética satisface estas condiciones (Slovski 1973: 87-88).

Consideremos o caso lucense. O 15 de abril de 1931, un prestixioso médico lugues, o Dr. Rafael de Vega Barrera, por entón presidente local de *Alianza Republicana*, proclamaba oficialmente a II República Española na cidade de Lugo. Aires novos chegaban a unha praza na que, de forma inveterada, gobernara o conservadorismo máis tradicionalista; e apesar de que, desde había décadas, as más anovadoras respuestas, sobre todo na esfera cultural, tivesen caracterizado Lugo como un dos portos más emblemáticos da iconoclastia máis rupturista, un de seus xornais tradicionalmente monárquicos e más reaccionarios non dubidaba en expresar os seus temores cara á opción democrática elixida polo pobo español e afirmar abertamente:

la República es, como forma de gobierno, sin duda alguna, inmejorable. Mas no hay que olvidar que no todos los pueblos están capacitados para ser regidos por la democracia pura. ¿Lo está el nuestro, eminentemente y tradicionalmente monárquico, aunque el episodio de anteayer indique otra cosa? Ésta es la incógnita presente (*El Progreso* 1931).

Certamente, aínda que a chegada do novo sistema republicano abría as portas cara a un sentir ilusionado no que tanto os xoves como os vellos valores da cultura da Galiza dedicaron forzas na edificación dun cambio de rota na mentalidade estética do momento, Lugo xa posuía unha traxectoria histórica que viña afirmar o seu interese anovador e a súa vocación polos proxectos más demócratas dentro de todos os ámbitos: en 1917 fora testemuña das arelas dun xove escritor, Evaristo Correa Calderón, que, anque desde Madrid, inauguraba o vanguardismo en chave galega; en 1924, tamén por intercesión de Correa Calderón, fora peirao das vanguardias galegas, e tamén en 1917 despedira os argumentos rexionalistas da intelectualidade galega para, ao ano seguinte, dar inicio a un camiñar político no que a Galiza pasaba a se considerar unha nación.

Principalmente, o empurre intelectual do novo réxime que abre en abril de 1931 quixeron proceder á cohesión das leiras científicas e pedagógicas, na España grandemente depauperadas. A respecto da segunda, como ben recordou Gurriarán:

teremos que remontarnos ao século XIX cando, froito da intolerancia, Francisco Giner de los Ríos e os seus amigos pertencentes a burguesía ilustrada progresista crearon a *Institución Libre de Enseñanza* en 1876. A partir desta, e da preocupación “pedagoxista” de Giner dirixida a creara a base do cambio social e político por medio da educación, foise artellando unha ampla rede formativa que tivo a súa consolidación a partir de 1907 coa creación da *Junta para la Ampliación de Estudios*, organismo que posibilitou o gran cambio formativo de profesores e de alumnos acercándoos aos centros nos que se estaba a facer labor científico e de investigación, ausente en España [...] As consecuencias non se fixeron esperar e, axiña, os que regresaron de formarse no estranxeiro, convulsionaron as obsoletas estructuras universitarias con novos métodos e coa implantación da praxe na aprendizaxe nas universidades españolas. Estas foron adquirindo unha nova dimensión e unha apertura a sectores os que ata aquela estaban vetados [...] Todo ía na dirección de crear minorías dirixentes no sentido de capacitar persoas coa certeza de intervir sociopoliticamente, dado o fracaso da alternativa política aos últimos respiros da Restauración: o rexeneracionismo; e para dar saída ao seguinte eslavón escuro que “aconteceu” daquela: a Dictadura de Primo de Rivera (1923-1930) [...] Sería, coa chegada da II República, cando o soño “gineriano” se materializou engarzado ás estructuras políticas, e cando os discípulos e seguidores de Don Francisco pasaron a ocupar, con proxección e repercusión social, postos de certa responsabilidade con magníficos resultados, mais curto no tempo (Gurriarán 2001).

A ciencia española xa organizara os seus propios vehículos, a *Liga de Educación Política Española*, onde se deron cita a maior parte dos intelectuais da denominada ‘xeración de 1914’, presentes tamén na *Agrupación al Servicio de la República*, no *Consejo Internacional de Uniones Científicas*, adscrito desde 1931 á *Liga de la Sociedad de Naciones*, e no *Comité de Letras y Artes*, adscrito ao *Instituto de Cooperación Intelectual* (cf. Pardo de Neyra 2002: 432). Grazas ao interés de Arturo Soria y Espinosa, irmán de Carmelo, funcionario por entón de *Naciones Unidas*, organizáronse numerosos comités que, baixo o selo común do *Instituto de Cooperación Intelectual* español, trataban de pór ao alcance de todos os cidadáns españois as parcelas dunha cultura que, pouco antes daquelas datas, aínda semellaba estar reservada aos membros das elites da sociedade afonsina.

Mentres o rexeneracionismo, o institucionismo e o europeísmo eran os principais sosténs do pensamento republicano de 1931, o atraso, a incultura e as diferenzas sociais foran

os alicerces dun réxime monárquico que, cun mínimo asombro, non soubo responsabilizarse, case nin escandalizarse, ante a presión que puido ter constituído a pornográfica situación que se vivía en entidades xeográficas como Las Hurdes. Tan axiña como se proclama o sistema de goberno republicano, o interese por formar e elevar a unha dignidade cultural patente a todos os ciudadáns que compartían os novos designios da España do 31 fixose automático, fundamentalmente através dos numerosos *Comités de Cooperación Intelectual* que foron vendo a luz en diferentes puntos da xeografía da República Española. O de Lugo abre as súas actividades en 1932, ano do primeiro mitin comunista da historia lucense e momento no que se institucionalizou a á galeguista da cidade. En todos estes acontecimentos político-culturais atópase a man e o empurre dos por entón xoves valores da intelectualidade luguesa: Ramón Martínez López, Evaristo e Antonio Correa Calderón, Benigno Varela Fernández, Servando Gómez-Aller, Reynaldo Gómez Neira, Constantino Rodríguez, Ramón Piñeiro, os irmáns Carlos, Xosé e Luís Pimentel, Manuel Sariñena, Germán e Celestino Alonso Hortas, Camilo López Pardo, Xosé Gayoso Veiga, Celestino Fernández de la Vega, Ángel Johán, Arcadio Romero Boelle, Avelino e César López Otero, Rafael de Vega ou os irmáns Fole-Sánchez: Salvador, Desiderio e Ánxel.

Ademais da súa adhesión coas iniciativas pedagóxicas do republicanismo español (principalmente por medio do grupo compostelán, intensamente conectado cos responsables do *Patronato de las Misiones Pedagógicas*), o grupo lucense sentiu especial atracción por edificar un espírito cultural propio na súa cidade. Para iso, entre 1932 e 1933, atraeu á vella sé do convento lucense a Ramón Gómez de la Serna, Federico García Lorca, Regino Sáinz de la Maza, José Bergamín, Santiago Montero Díaz, Nicanor Zabaleta ou Castelao, ademais de desenvolver un ciclo de cinema de vanguarda pioneiro no ámbito galego, algo que dous anos máis tarde habería de frutificar na fundación do *grupo Ars*, a primeira tentativa cineclubística da Galiza.

Así, se seguimos a centrar a nosa atención na traxectoria republicana de Ánxel Fole, o único escritor galego consciente coa toma de conciencia obreirista que, ademais, desexa plasmar o seu compromiso cívico en dúas mostras literarias castelás (refírome aos poemas "Rojo" e "Diana", aparecidos en 1931 e 1923; cf. Pardo de Neyra 2002), comprobaremos a utilidade dun código literario orientado cara á consolidación dun didactismo pedagógico máis que útil á hora de afrontar o estudo da vocación didáctico-pedagólica dos intelectuais galegos republicanos. Evidentemente, para un xove inquieto e progresista como era o Fole da terceira década do século XX, a proclamación da II República Española veu conmocionar o espírito solidario de todos quen, como el, trataban de volcar os argumentos tradicionalistas do sentir español monárquico comprometido co memento dunha sociedade capitalista de privilexios. Neste contexto sitúase a saída de "Rojo", o primeiro poema foleano obreirista, publicado nunha revista lucense, *Guión*, xa subtitulada "Semanario de Izquierdas", que quixo louvar a esfera proletaria dedicando un dos seus exemplares ao Primeiro de Maio, o de 1931. Sen embargo, o choque desta iniciativa intelectual coa sociedade máis retrógrada dunha cidade consentidora co tradicionalismo máis inveterado foi o que provocou a súa temperá desaparición. Ao pouco tempo de cambiar de nome – antes denominábase *¡Ahora!* –, a redacción da revista deixá a súa acelerada marcha dos ambientes rupturistas deo Lugo republicano:

los que ésto firmamos, ante reiteradas protestas de determinados elementos de una manera decidida, abandonamos la redacción de este periódico.

El motivo de tales inoportunas protestas parece ser que es la violencia (!) que, según estos retardatarios elementos, caracterizaba el sesgo que en sus últimos números había tomado GUIÓN.

A los lectores conformes con la última actitud de este periódico les comunicamos que fuera de él continuaremos con verdadera violencia, aunque con justicia, nuestra campaña pro saneamiento ciudadano y propaganda del espíritu nuevo.

A los otros lectores, a los retardatarios y filisteos, nuestra protesta, seguramente acompañada de la condenación del elemento joven y avanzado.

*Angel Johan González, José Gayoso Veiga, Ramón Martínez, Angel Fole Sánchez, Francisco Lamas, Luis Manteiga, Arturo Cuadrado, Juan López Durá, Luis Seoane, Mauro Varela, Luciano Martínez la Riva, Luis V. Fernández Pimentel, Alvaro Cunqueiro* (Guion 1931).

Nestes momentos, Fole, que comeza a súa andaina literaria e faino, en chave obreirista – e por desgraza, como o Correa, desde o vehículo lingüístico castelán –, seguindo un compromiso cívico ideolóxico nitidamente comunista, aparece para a literatura galega como un dos primeiros poetas louvadores dos argumentos da festa do Primeiro de Maio, o cal compleméntase co feito de ser un dos pioneiros dun cubofuturismo español de corte marxista-universalista<sup>4</sup>. É desta mesma maneira como podemos aproximarnos á revista lúncense *Yunque*, unha empresa que, segundo se facía constar xa desde o núm. 1, o propio escritor dirixía en 1932 (cf. Pardo de Neyra 2005).

A publicación quixo deixar patente a súa vocación progresista desde as primeiras páginas do número inicial, publicado tamén co gallo da festividádo do Primeiro de Maio, mais en 1932. A través da súa presentación pública observamos os seus interesantes argumentos políticos, fóra de calquera compromiso concreto e únicamente debedores da solidariedade humana cara aos desfavorecidos, especialmente cara ao proletariado; coñecemos a súa intrahistoria partindo da anterior revista, *Guion*, e percibimos os intereses xeracionais que, como bos intelectuais revolucionarios, exhibiron os responsábeis da empresa:

nosotros que nos llamamos, con legítimo orgullo “generación de *Yunque*”, abrimos brecha en la política provincial desde las páginas de *Guion*, cuando aquel semanario pasó a nuestras manos, dejó su tono desvaído, y el ataque tímido pasó a ser impetuosa embestida. El último número de *Guion* se tiñó de rojo estridente. Esto escandalizó a los señores que lo financiaban. Entonces lo abandonamos definitivamente, y fundamos *Yunque*. Éramos un grupo de gentes animosas que creímos – y creemos – que la política es esencialmente, lucha; que

---

<sup>4</sup> É ben curioso como, de xeito semellante ao que lle aconteceu ao Correa, o periplo foleano acabará se orientando cara a un nobiliarismo ben patente, o cal, tamén curiosamente, nunca sería usado como pedra para bater nin no seu currículo nin no seu labor e enteireza literaria. Nembargantes, coñecida é a afección de parte da crítica literaria galega por salientar o falanxismo correano e os seus devezos aristocratistas e, á vez, agachar ou esquecer o protagonismo de quen en realidade resúmese como o intelectual galego máis internacional da Época Contemporánea.

sólo deja de ser lucha para ser farsa. En nuestra tarea de adecentamiento fuimos generosamente ayudados por unos cuantos muchachos de Santiago: Luis Tobío, Cuadrado, Manteiga, Seoane, Durá, etc. Nuestros martillos seguirán machacando valientemente toda suerte de fauna filisteia: mílitres fanfarrones, clérigos intrigantes, carcas chabacanos, innobles leguleyos, repugnantes patanes de caciquería, etc. *Yunque* será algo más que un periódico (mejor un aperiódico) de vanguardia política: será el inicio de una honda labor de rebeldía en la provincia contra los viles mastuerzos que la oprimen (*Yunque* 1932).

Aquel grupo de loitadores, especialmente composto polos valores lugueses mellor situados na vanguarda da Galiza (Romero Boelle, Gayoso Veiga, Bal e Gay, Cunqueiro ou Sariñena<sup>5</sup>) e por xa destacados galeguistas da talla de Tobío, Manteiga, Seoane ou Cuadrado, procedía tanto do ‘grupo *ahora* ou *guión*’ anteriormente definido como da xa consolidada esfera intelectual máis progresista de Compostela, coa que, ademais, compartiría intencións semellantes cando, ao pouco tempo, se inclúa nas nóminas editoriais de empresas como *Claridad* (1933-1934) ou *Ser* (1935), as dous impresas por Ánxel Casal e de marcado estilo político esquerdista radical, internacionalista, filomarxista e antifascista, ou cando, en 1936, os seus colegas lle encargasen a coordinación do que sería derradeiro número da revista *Resol* (fundada en 1932 por Arturo Cuadrado Moure co subtítulo “Hojilla volandera del pueblo”), dedicada aos escritores do espazo lucense, que, por ter sido maquetada e publicada inmediatamente antes do golpe de Estado dos militares capitaneados por Franco Bahamonde, debido á data que levaba na súa portada constitúe a única iniciativa publicista realizada por enteiro en idioma galego tras a sublevación de xullo de 1936.

*Yunque*, sempre fiel ao civismo republicano e consecuente co seu subtítulo “Periódico de vanguardia política”, recollía toda a carga marxista que aínda nesas calendas exhibía Ánxel Fole, autor de poemas como “Diana” e textos como “Fragmentos”, polos que deixaba clara a súa vocación revolucionaria debedora da liña futurista de Maiakovski, xa coñecido como ‘o poeta da Revolución Rusa’, quen se suicidara por aqueles días.

Maiakovski representaba para Fole a actividade compromisaria máis sublime: despois de asinar, aos dezanove anos, o célebre manifesto *Unha labazada no gusto público* e de confesar as súas intencións literarias onde poesía, amor e revolución se daban a man nun movemento de espírito no que a revolución se facía poesía e o amor se convertía en revolución, onde a vanguarda formal se convertía en vanguarda revolucionaria, é encarcerado. A súa saída de prisión suspende a actividade política, interesándose pola pintura, o que lle permite coñecer Burliuk, co que decide organizar un fronte capaz de arrombar os clásicos (Tolstoi, Dostoevski, Chékhov) e en cuxo movemento se incardina, o do cubofuturismo,

---

<sup>5</sup> Apesar de que se criticase a familia que financiaba la publicación, os Pimenteis, sen embargo ainda se identificaban coa opción política progresista: Luís era desde 1931 presidente da *Organización Republicana Lucense*, Carlos estaba afiliado ao *Partido Socialista Obrero Español*, polo que chegaría a ser alcalde da cidade galega, e Xosé comezaba a transitar polas ringleiras do nacionalismo lucense, exercendo en 1932 como bibliotecario da primeira xestora do *Partido Galeguista de Lugo* (cf. Pardo de Neyra 2003: 86, n. 32). No caso dos Pimenteis obsérvase un paralelo interese nobiliarista ao exhibido polos Correas-Calderón ou Ánxel Fole, afección compartida con intelectuais como Otero Pedrayo ou Risco.

enfrentado ao egofuturismo de Severianin. Dentro deste ismo, Maïakovski encargarase de dotar o proletariado ruso dunha imaxinación cósmica que aunaba o futurismo marinettiano coas intencións políticas máis iconoclastas e solidarias co depauperado pobo ruso zarista. Poesía, deseños, mesmo textos teatrais foron as más sólidas aportacións do ruso ao movemento de vanguarda soviético, na liña de Einstein e Wells, os seus confesados inspiradores literarios.

Como xa teño sinalado, “fóra de calquera santificación, está claro que a en España a II República posibilitou unha consolidación cultural inmellorable en todas as ordes” (Pardo de Neyra 2002: 432). Despois da solemne sesión de apertura do *Comité de Letras y Artes* no auditorio da Residencia de Estudiantes de El Pinar, en 1933, avalíaronse os proxectos culturais desta entidade, xa involucrada de cheo co programa renovador da II República Española. Foi por medio do labor intelectual de institucionistas como Cossío, Domingo, Barnés, Llopis, Negrín, Ríos ou Soria y Espinosa como surxiu a interesante extensión da cultura a todos os frontes da España republicana. Tanto é así que a carón das necesitadas reformas nos mundos do traballo, a agricultura e a laicización estatal, a República afrontou os desexos augurados pola referida ‘xeración de 1914’, adscrita á *Liga de Educación Política Española* (1913), grupo composto por figuras como Ortega y Gasset, Azaña, Ríos, Araquistáin, Díez-Canedo, Castro, García Morente, os irmáns Luzuriaga, Maeztu, Pérez de Ayala, Machado ou Madariaga.

O 10 de febrero de 1931, José Ortega y Gasset, Gregorio Marañón e Ramón Pérez de Ayala asinan o manifesto da *Agrupación al Servicio de la República*, onde se confesaban seguidores dunhas pautas culturais que os afirmaban como cabezas dun movemento de marcados intereses renovadores, así como tendentes á reunión intelectual: “llamaremos a todo el profesorado y magisterio, a los escritores y artistas, a los médicos, a los ingenieros, arquitectos y técnicos de todas clases, a los abogados, notarios y demás hombres de ley. Muy especialmente necesitamos la colaboración de la juventud” (Cores Trasmonte 1989: 46).

A continuación, nos acontecementos celebrados posteriormente en Segovia, onde se lles sumou Antonio Machado, foi Marañón quen destacou a imperiosa necesidade da constitución de grupos en cada localidade española, momento no que:

los hombres, las mujeres que viven entregados a la rectitud de una labor positiva y fecunda, amando a España en la forma decisiva que es volviendo a crearla cada día con su esfuerzo, pero alejados de la política por hastío o por inexperiencia, se concentren, se agrupen, porque ellos son la nación verdadera, inédita todavía para la vida oficial, que se marchita (Cores Trasmonte 1989: 46).

Proclamada xa a II República en España, o mesmo Marañón decidió afrontar a construcción dunha ideoloxía nacionalista española nova e aberta, na cal o individuo se situase man a man en comuñón co compromiso do novo réxime (cf. Marañón 1932). En menos dun mes da súa constitución central, a agrupación consolidouse en Vigo, cidade na que Manuel Gómez Román realiza un chamamento que axiña permitiu a creación dun comité provisional no que se aliñaron González Pastoriza, González Garra, Álvarez Gallego e Ferreiro Veiga.

Francisco Javier Elola, desde maio de 1931 Fiscal Xeral da República Española por nomeamento do Ministro de Xustiza Fernando de los Ríos e un dos mauristas integrados

no *Partido de Derecha Liberal*, foi o único candidato galego que fixo propaganda republicana baixo o selo da *Agrupación al Servicio de la República*. Durante as eleccións constitutíntes de 1931 e precisamente en Lugo, onde representaba a conxunción republicano-socialista, conseguiu que tanto alí como en Monforte de Lemos se formasen dúas ás da agrupación. Da lucense xurdíria o proxecto intelectual duns xoves inquietos que, baixo o pensamento republicano de esquerdas, ao pouco tempo constituirían o *Comité de Cooperación Intelectual de Lugo*, creado ao amparo do programa dos comités que desde finais de 1931 funcionaban na España grazas á intervención de Arturo Soria, irmán de Carmelo, funcionario das *Naciones Unidas* e vítima do terrorismo fascista chileno. Este último foi quen instigou seu irmán para que, a partir de 1926, se dedicase á constitución de asociacións universitarias españolas, que o fixo promover, ao lado de Sbert Massanet, a fundación da *Federación Universitaria Escolar* (cf. Pardo de Neyra 2002: 435-442). Foi así como á par que Federico García Lorca se decidía a facer as súas maletas con motivo de iniciar a súa marcha persegundo os argumentos rexeneracionistas culturais españois por medio da súa compañía teatral, Soria y Espinosa acometía o interesante desexo de conectar as provincias da xeografía do Estado Español através dos comités recentemente fundados.

Desde os últimos tempos da ditadura primoriveriana, cando o socialismo español comezou a avanzar da man de Largo Caballero, Besteiro e Marañón, os conflitos estudantís fixérонse cargo das aulas universitarias españolas. Mentre o cardeal Segura incitaba a aristocracia española ao respecto do perigo que para el supuña o avance das democracias, amais de visionar a súa interesante colección de cinema pornográfico, Afonso XIII entretiñase fundamentalmente outorgando prebendas e cazando polo territorio andaluz, despois de que unha Real Orde decidise suprimir a Universidade de Murcia, os conflitos estudantís convulsionaron a vida da universidade española. Froito de tales acontecementos, o mesmo rei asina unha orde de expulsión e inhabilitación para o exercicio de cargos públicos contra Antonio M<sup>a</sup> Sbert, alumno da Escola de Enxeñeiros Industriais de Madrid e un dos principais responsábeis da creación da fronte estudantil antifascista da *Federación Universitaria de Estudiantes*.

Mentres tanto, na Galiza pre-republicana, abandonado xa o primeiro programa vanguardista, un interesante grupo de intelectuais coincidía en Compostela, dándose cita nos simbólicos cafés *Derby*, *Suízo* e *Español*. Alí reuníanse figuras como Fole, Dieste, Manteiga, Cunqueiro, Carvalho Calero, Cuadrado, Bal e Gay, Maside, Fernández del Riego, Martínez López, García-Sabell, Xoán Xesús González, Colmeiro Guimarrás, Patiño, Casas, Montes, Suárez Picallo, Fernández Mazas ou Seoane (cf. Pardo de Neyra 2001 a: 138-139). Todos eles formaron parte dunha ‘xeración da República’ movida baixo intereses eminentemente democráticos, preocupada pola resurrección da cultura en todos os ordes e que actuou apoíándose principalmente nos establecementos do pensamento esquerdistas. Á par que en Mondoñedo Cunqueiro fundaba a revista *Galiza* (1930-1931; cf. Pardo de Neyra 2001 b: 83), en Lugo, tamén por aquelas calendas, saíran ás rúas revistas como *¡Ahora!* – semanario republicano dirixido por Avelino López Otero e que por cuestións de semellanza de nome axiña cambiou a súa denominación pola de *Guión* – ou *Yunque*, que producirían dúas ás xeracionais do grupo galego do momento.

Mais se a actuación dos *Comités de Cooperación Intelectual* da Galiza significaron un grande avance para a extensión cultural orientada cara a todo tipo de cidadáns galegos, sen ningún tipo de marca social, a figura de Rafael Dieste e o seu grupo intelectual tamén se presenta como unha das más simbólicas da Galiza republicana. Un dos máis ambiciosos proxectos republicanos cos que o galego se integrhou desde a súa chegada á capital española foi o emanado da reforma educativa que a II República Española botou a andar cun decreto datado no mes seguinte ao da súa proclamación. Através da actuación diestiana podemos avaliar o interese pedagóxico da á institucionista galega de 1931-1936.

Co nomeamento de Cossío como presidente do *Patronato de Misiones Pedagógicas* e o de Salinas como director da sección de literatura contemporánea da *Junta para la Ampliación de Estudios*, unha nutrida falanxe de intelectuais españois quixo formar parte da fervente experiencia do labor misionero, que, como se agardaba, estaba a levar a cultura a todos os lugares da xeografía estatal. Entre eles encontrábbase a enerxía dun dos intelectuais galegos máis comprometidos co civismo republicano, quen, ademais, remataría por se facer voz e cabeza xeracional dunha das seccións, a segunda, da ‘xeración da República’ da literatura galega da Época Nós.

En 1932, Dieste solicita a Salinas unha beca para traballar no interior da Península Ibérica, mais sen embargo foille ofrecida a posibilidade de organizar un teatro de *guiñol* para as misións republicanas. Isto posibilitou que se integrase coa actividade misioneira de Araba, Jaraguas e a Galiza (cf. Pardo de Neyra 2001 a: 79) e, con este motivo, redacta unhas interesantes pezas dramáticas para seren representadas pola súa compañía ambulante. É na Galiza, concretamente na vila mariñera coruñesa de Malpica, no país de Bergantiños<sup>6</sup>, onde o Dieste bota a andar o teatro de *guiñol*, o primeiro da Península Ibérica, para o que escribe varias fársas que dan índice da súa recepción ao respecto do pedagogismo republicano. Como el mesmo recordou:

al principio yo hacía uso de guiones, que los demás seguían, improvisando el diálogo sobre la marcha. Pero el procedimiento no daba el resultado apetecido; no porque faltase ingenio a mis colaboradores, sino porque tendían a acumular dichos y réplicas, olvidando el modelado peculiar que necesita el diálogo teatral para expresar una acción y conducir a un desenlace. Opté, en general, por escribir las farsillas; a veces con reminiscencias de tradiciones populares. En su factura dominaba la improvisación. Alguna de ellas fue escrita mientras los compañeros proyectaban y explicaban las películas o daban las charlas típicas de la Misión, y su estreno fue inmediato [...] Cossío me propuso escenificar algún romance. Elegí el de “La Doncella Guerrera”, por ser buena parte dialogado; pero naturalmente, para darle evidencia y solución escénica, tuve que introducir escenas y coloquios que no figuran en el original. *La Doncella Guerrera* tuvo gran aceptación. En algún pueblo de la provincia de Burgos, su éxito fue francamente extraordinario; el público aplaudió todos los mutis o finales de escena. Al

---

<sup>6</sup> Segundo Otero Urtaza, é en Malpica onde “por pura y simple simpatía a un pueblecillo ingenuo”, a finais de 1933 se improvisa un primeiro ensaio do *guiñol*. A continuación, o Teatro de Guiñol das *Misiones Pedagógicas* actuou en terras de León (S. Román de la Vega, Nistal de la Vega, Valdespino e Astorga), onde representou “la primera farsa escrita expresamente para este Guiñol: *El dragón y su paloma*” (cf. Otero Urtaza 1982: 60-63).

ensayar la obra, yo percibía que faltaba algo que evidenciase la gracia del final, cuando la Doncella se fuga en su caballo. Fue Urbano Lugrís, que hacía su papel, quien tuvo la maravillosa y eficacísima ocurrencia de lanzar un brioso y alegre relincho – atribuído al caballo de la Doncella, naturalmente – en el arranque de la fuga (Dieste 1982: 141-142).

Para esta iniciativa cultural, Dieste escribiu un bo número de pezas, algunha das que serían posteriormente convertidas en verdadeiras comedias: *El dragón y su paloma*, *La fiera risueña*, *El monstruo risueño*, *El falso fakir*, *El gato de Siloc*, *La amazona y los excéntricos*, *Curiosa muerte burlada*, *Duelo de máscaras* ou *Equivocacion fatal*, para a que Dieste tamén apuntou otro título, *El extranjero* (cf. Dieste 1982: 142-143; Otero Urtaza 1982: 74).

Carmen Muñoz Manzanares, unha das activistas más destacadas das *Misiones Pedagógicas*, das que foi inspectora (cf. Otero Urtaza 1982: 105), polo que por este conduto coñece en 1934 o que despois se convertiría no seu esposo, Rafael Dieste, é quen sitúa con precisión a época e o contexto en que nace *La doncella guerrera*:

o estaribel armábbase unhas veces en aulas ou outra sorte de cobeixo, pro tamén en praciñas ou eixidos, facendo escintilar, como unha xoia na noite, o seu taboadío. Era no tempo (1934, van alá moitos anos), en que grupos de xente nova – escritores, artistas, estudiantes, ensinantes incorporados de camiño ... – percorrían os pobos da Hespaña, con inclusión de aldeias, pequenas vilas, algúnsa cidade – levando ás xentes, por unha banda a frol de romances, lendas e músicas tradicionais e, por outra, notizas e imaxes de aguilloantes novedades téinicas, constituíndo xa algunha delas o instrumental dos mesmos “misioneros”: potentes aparellos de proyección, toca-discos, cine mudo e axiña as primeiras manifestacións do sonoro ... No “equipo” dirixido por Rafael Dieste, o fin da festa correspondía decote ao Teatro de Guiñol, que tiña, ante outras cousas, a virtude de faguer esquencer calquera deficiencia ou fallo eventual, potenciado en troques tódolos bós feitos que as demais autuacións houbesen podido producir.

O Teatro Guiñol das Misiones Pedagógicas, fora creación de Rafael Dieste, encarregado asimismo de abastillar de repertorio, por veces de escritura improvisada mentres os compañeiros proietaban algúna película ou levaban a cabo algún dos outros programados. O éxito que o Guiñol outiña sempre, aledou fondamente – como si confirmase moito do seu sentir e precaver – ao Presidente do “Patronato” das Misiones Pedagógicas, aquela xurdia e xenerosa personalidade que foi don Manuel Bartolomé Cossío. Fora il que propuxera a Dieste a escenificación dun romance tradicional, sendo escolleito xustamente “*La Doncella Guerrera*”. Deseguida foi satisfeito o bó acordo de Cossío. Prá sua escenificación, como ben se pode supor, o romance requireu unha axeitada amplificación, con adición de novos versos, esceas e persoaxes que, ademais de compiren como recursos teatrais, servisen pra ambientalo e dar espectacularidade á sua inxel e entrañada poesía.

Ao seguinte día Dieste recibiu un mensaxe de Cossío. Quería velo. E deseguida soubo o autor por qué. Segundo lle dixo o mestre, estivera toda a tarde e parte da noite querendo averiguar, sen máis axuda que a de a súa propia intuición estilística, qué versos do romance foran os máis ou menos conservados, e cáles, no trenzado do conxunto, eran os novos (Muñoz de Dieste 1981: 3).

Aínda así, apesar da urxencia coa que Dieste escribiu *La doncella guerrera* – despois traducida ao galego – e pese aos atrancos que, por razóns económicas, tiña o Teatro de

Quiñol das *Misiones Pedagógicas*, a *impedimenta*, o *atrezzo* e os decorados cos que conta a farsa non son nada desprezábeis; é máis, dan boa conta do vanguardismo plástico que tamén caracterizaba o empurre do *guiñol* galego. Segundo o seu propio autor:

nuestro concepto de la presentación teatral era bastante distinto del que por entonces prevalecía. No buscábamos la seducción de los colores enteros y vistosamente contrastados. Dará idea de nuestra estética el recorrido que hicimos Ramón Gaya y yo por tiendas de retales de Madrid para aplicar al vestuario de esta farsilla. Nuestros adjetivos al calificar los retales y su posible aplicación eran, por ejemplo, heráldico, picaresco, heroico, casero, notarial, preciosista, remilgado, mágico ... Después, para que tuviese una gran unidad material la escena, en la tela del fondo se compuso con aplicaciones un campo ondulado de margaritas, nubes y unos arbolillos. En el momento en que el hijo del Rey está a punto de descubrir la verdadera identidad de la Doncella, ésta se fuga. Tras ella corre el príncipe. La carrera quedaba graciosamente sugerida por el movimiento inverso de la cortina del fondo: la de los arbolillos, las margaritas y las nubes (Dieste 1982: 142).

Durante a II República, ademais, despregouse un incesante interese pola consolidación dun aparato autonomista capaz de facer realidade o federalismo republicano proclamado no seo das clases políticas españolas. Pouco despois de proclamado o novo sistema de goberno, a “Seizón de Cenzas Sociás” do *Seminario de Estudos Galegos* de Compostela elaborou un anteproxecto estatutario de autonomía galega no que se proclamaba a co-oficialidade das linguas galega e castelá en territorio galego, se solicitaba que cada funcionario coñecese o idioma da Galiza e que, en consecuencia, sería de exclusiva competencia do “Estado Galego” o ensino da lingua en todos os seus graos. Á par que o seminario compostelán presentaba a súa ponencia na Asemblea Pro-Estatuto de Autonomía d'A Coruña, celebrada en xuño de 1931, o *Secretariado de Galicia en Madrid* optaba por unha postura máis españolista, sinalando que a lingua debía ser amada e respectada mais nunca en detrimento da oficial, que era a castelá. O *Instituto de Estudios Gallegos* expuña a necesidade de organizar na Galiza centros de ensino industriais, mercantís e agrícolas (atendendo á realidade do territorio), crear unha liña universitaria galego-portuguesa mais apoiar a difusión do galego, atendendo á emigración rural, especialmente orientada cara á Hispanoamérica, e o ensino do castelán no ámbito escolar, indicando que no ciclo secundario este debía ser o único vehículo lingüístico dentro do proceso de ensino-aprendizaxe. Finalmente, o texto refrendado pola asemblea herculina prescribiu a co-oficialidade e a obligatoriedade de ambas linguas dentro do territorio galego, así como a gratuidade do ensino de primeiro e segundo ciclo, onde a lingua funciona en pé de igualdade fronte á propia do Estado Español (cf. Rivas Barrós 2001: 194-196).

En outubro de 1931 elabórase un “Anteproxecto dos Parlamentarios Galegos” asinado por todos os deputados das denominadas catro provincias da Galiza, no que tamén se pedía a co-oficialidade do galego e o castelán e no que, a maiores, se destacaba que a “Rexión galega” debía crear e sostener institucións culturais e centros de ensino de todos os graos no que serían obligatorias ambas linguas. En menos dun ano, o concello de Compostela é o lugar escolleiro pola intelectualidade galega para dar forma a un novo anteproxecto de estatuto de autonomía para a Galiza no que, amén do anteriormente solicitado, se expuña como o galego debía ser introducido como disciplina en Institutos de Ensino Medio e Escolas Normais de Maxisterio e como se lle debía de outorgar á univer-

sidade galega (naquel momento a de Compostela) un réxime de autonomía ao respecto da universidade española. En decembro daquel mesmo ano (1932), esta vez no parainfo da Universidade de Santiago de Compostela, como resultado do proceso anterior, perfilase o que constituiría o Estatuto de Autonomía que, finalmente, habería de plebiscitarse en 1936. Nel, e respecto da lingua e o ensino, volvía a se insistir na co-oficialidade lingüística e na obligatoriedade do coñecemento do galego para desempeñar calquera cargo administrativo. No seu Título III, artigo 15º, desenvolvíase o texto relativo ao ensino:

1º conforme aos artigos 48, 49 e 50 da Constitución<sup>7</sup>, a Rexión poderá crear e rexer establecementos de ensino en tódalas clases e graos; os certificados de estudios destes terán validez para obter os títulos académicos e profesionais que expida o Estado mediante as probas finais e requisitos que o mesmo estableza con carácter xeral.

2º Correspóndeelle así mesmo á Rexión a adaptación ás necesidades e conveniencias rexionais da lexislación xeral relativa a primeiro e segundo ensino das linguas galega e castelá e nos Institutos e Escolas Normais crearanse as disciplinas da Lingua, Literatura, Xeografía e Historia de Galicia.

3º Nos establecementos de ensinanzas especiais do Estado e na Universidade compostelá, a Rexión poderá sostener ou subvencionar cátedras e institucións de cultura galega.

4º A proposta da Rexión, o Goberno da República poderá outorgarlle á Universidade de Santiago un réxime de autonomía.

5º Correspondelle, ademais, á Rexión os servicios de arquivos, bibliotecas e museos radicados no seu territorio (cf. Rivas Barrós 2001: 198).

Atrás quedaba o culturalismo nacionalista risquiano, aquel que, nos ilusionados momentos que ían ser decisivos para a instauración da liña galeguista predominante nas primeiras décadas do século XX, tratou de redimir un territorio enchido de caciques e dirixilo, desde unha perspectiva altamente pedagóxico-didáctica, polos vieiros do espiritualismo<sup>8</sup>. Como o responsábel dos primeiros contos infantís da literatura galega expresara en 1919, tras a celebración da II Asemblea Nacionalista da Galiza:

---

<sup>7</sup> Na Constitución da República Española (1931) sinalábase a oficialidade do castelán para todo o Estado Español, destacando que as “lenguas regionales” nunca podían ser obxecto de esixencia a ningún ciudadán (“Título Preliminar”). Neses referidos artigos propugnábase a gratuidade do ensino primario, a liberdade de cátedra, a garantización do acceso dos e das españolas a todos os niveis de ensino e a laicización da docencia (art. 48), así como a exclusiva competencia do Estado en canto á expedición de títulos, unha Lei de Instrucción capaz de determinar a idade escolar para cada grao e a duración dos períodos de escolaridade (art. 49) e, finalmente, a capacidade de que as comunidades autónomas puidesen organizar o ensino nas súas linguas sempre en función das súas cartas estatutarias anque o castelán fose de obrigado coñecemento e as autoridades españolas as encargadas de inspecciónar o ensino regulamentado en cada comunidade autónoma (art. 50).

<sup>8</sup> É en 1932 cando a mestra de Mourente Xosefa Iglesias Vilarelle publica o seu *Método de lectura* en idioma galego, que se presenta como unha das primeiras probas pedagóxicas directamente redixidas pensando nos e nas escolares da Galiza e que, por iso, o 15 de xaneiro de 1933 foi enormemente aplaudido por Risco desde as páxinas da revista Nós. Nese mesmo ano, Filgueira Valverde organiza o seu “Programa: Cursos de Literatura galega para uso escolar” e ao ano seguinte, Álvaro M<sup>a</sup> de las Casas Blanco publica o seu cuestionario de

os nazionalistas, agora coma decote, coidan que o problema galego é un problema de persoalidade, de liberdade e de dinidade.

Queren tódalas descentralizacións políticas e ademanistrativas, mais entenden que aínda conqueridas estas descentralizacións e trocada Galicia nun territorio rico e progresivo, o problema nazionalista ficaría ser resolvore.

Sóio ha ter resolución cando sexamos donos dunha persoalidade propia basada no trunfo dunha propia cultura, que nos independice das culturas alleas, xa que contamos cunha tradición, cunha raza e cunha terra de características especiais, diferenciada das máis do mundo, na que a lingua é o froito natural por escelenza. Entrameras non chegaremos a ese xeito de suprema libertade, no que nós disponxamos dos nosos destinos, con arrebro ás nosas comenencias, nun libre desenrolo de tódalas posibilidades raciais, capaces de crearen unha civilización atlántica, o nazionalismo galego non terá abranguido o seu fin nobre, grorioso e santo, beneficioso prá Humanidade (Risco 1919: 2).

### Fontes e bibliografía

- Anaya, G. (1974): "Introducción", in L. Bello, *Viaje por las escuelas de Galicia*, Madrid, Akal, pp. 9-61.
- Ballester, J. (1998): "Las teorías literarias y su aplicación didáctica", in A. Mendoza Fillola (coord.), *Conceptos clave en Didáctica de la Lengua y la Literatura*, Barcelona, Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y la Literatura (SEDLL) – Institut de Ciències de l'Educació, Divisió Ciències de l'Educació, Universitat de Barcelona – Horsori Editorial, S. L., pp. 297-322.
- Bello, L. (1974): *Viaje por las escuelas de Galicia*, Madrid, Akal.
- Ben-Cho-Shey [X. Ramón e Fernández-Oxea] (1929): "Luis Bello", *Vida Escolar*, Lugo, 9/11.
- Cores Trasmonte, B. (1989): *Ciencia e galegideade na II República*, Compostela, Xunta da Galiza, Consellaría da Presidencia e Administración Pública – Servizo Central de Publicacións.
- Correa Calderón, E. (1926): "Invitación a Luis Bello", *El Sol*, Madrid, 23/08.
- \_\_\_\_\_ (1927): *Notas para un magisterio idealista. Ensayo de pedagogía*, Lugo, Imprenta de Gerardo Castro.
- \_\_\_\_\_ (1928): "Luis Bello, en Lugo", *El Pueblo Gallego*, Vigo, 19/09.
- Dieste, R. (1982): "Testimonio de Rafael Dieste", in E. Otero Urtaza, *Las Misiones Pedagógicas: Una experiencia de educación popular*, Sada, A Coruña, Ediciós do Castro, pp. 139-154 (texto datado en Rianxo en agosto de 1981).

---

Xeografía e Historia, avaliado polo Seminario de Estudos Galegos, que constitúe o primeiro programa escolar, fundamentado e razoado, exclusivamente escrito en galego e destinado ao ensino oficial no seo do Bacharelato, de todo o cal, o mesmo día que louvaba o método de Iglesias Vilarelle, Risco tamén criticaba positivamente.

- Dijk, T. A. van (1980): *Texto y contexto (Semántica y pragmática del discurso)*, Madrid, Cátedra.
- El Progreso* (1931): "La República" (art. ed.), Lugo, 17/05, p. 1.
- Guíón (1931): "Lectores" (art. ed.), núm. extraordinario do Día da Galiza, Lugo, 1/05, p. 1.
- Gurriarán, R. (2001): "Ensino, II<sup>a</sup> República e Valdeorras", *Festas do Cristo. O Barco, do 13 ao 16 setembro 2001*, O Barco de Valdeorras, Ourense, Concello do Barco, Concellaría de Cultura, s. p.
- Lázaro Carreter, F. (1974): *Literatura y educación*, Madrid, Castalia.
- Levinson, S. C. (1983): *Pragmatics*, Cambridge, Cambridge University Press.
- Marañón, G. (1932): "Un año de República. España en franquía", *El Sol*, Madrid, 14/04.
- Mayoral, J. E. (1987): *Estética de la recepción*, Madrid, Arco Libros.
- Mignolo, W. D. (1983): "Comprensión hermenéutica y comprensión teórica", *Revista de Literatura*, Madrid, xullo-decembro.
- Muñoz de Dieste, C. (1981): "Ista peza que eiquí leeredes ..." (introduc.), in R. Dieste, *A doncela guerreira* (trad. de M. Lourenzo), *Cadernos da Escola Dramática Galega*, 19, A Coruña, xullo, pp. 2-4.
- Otero Urtaza, E. (1982): *Las Misiones Pedagógicas: Una experiencia de educación popular*, Sada, A Coruña, Ediciós do Castro.
- Pardo de Neyra, X. (2001 a): *Lugo: cultura e República. As manifestacións intelectuais dunha cidade galega entre 1931-1936*, Sada, A Coruña, Ediciós do Castro.
- \_\_\_\_\_ (2001 b): *Presencia de Lugo na utopía republicana. Cinco anos de ilusións e liberdade a través do espello intelectual de Galicia. 70º aniversario da proclamación da Segunda República Española*, Lugo, Scio.
- \_\_\_\_\_ (2002): "Lorca en Galicia. De cando Federico bailou en Lugo aos acordes dunha muiñeira republicana", *Moenia. Revista lúxense de Lingüística & Literatura*, 8, Lugo, pp. 431-455.
- \_\_\_\_\_ (2003): *Ánxel Fole: pazos e nacionalismo. A literatura palaciana como traducción do discurso nacionalista galego*, Compostela, Tórculo Edicións.
- \_\_\_\_\_ (2005): "Aproximación a la poesía cívica. Lectura del compromiso obrerista de Ánxel Fole en la literatura española durante la II República: un acercamiento didáctico-crítico a la realidad lírica de la preguerra gallega", in M. R. Luengo González, G. de la Maya Retamar y P. Gutiérrez Esteban (eds.), *Actas del VIII Simposio Internacional de la Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y la Literatura (SEDL)*, *Cultura, Interculturalidad y Didáctica de la Lengua y la Literatura*, Badajoz-Cáceres, 3-5 Diciembre 2003, Badajoz, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Extremadura – Sociedad Española de Didáctica de la Lengua y la Literatura (SEDL), pp. 459-471.

- \_\_\_\_\_ (2007): “Sobre el iberismo literario gallego (I). El lusitanismo de Evaristo Correa Calderón y su presencia en el mundo literario portugués”, *Limite*, 1, Cáceres, pp. 215-226.
- \_\_\_\_\_ (2009): “Sobre el iberismo literario gallego (II). El lusitanismo de Evaristo Correa Calderón y su proyecto en *La Gaceta Literaria*”, *Limite*, 3, Cáceres, pp. 255-269.
- Paz-Andrade, V. (1930): “A nosa definición autonomista”, *Nós*, Ourense, 15/08, p. 2.
- Risco, V. (1919): “A Atlántida”, *A Nosa Terra*, 101, A Coruña, 25/09, p. 5.
- Rivas Barrós, S. (2001): *A derradeira lección dos mestres. Galeguismo e pensamento pedagógico (1900-1936)*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- Sklovski, V. (1973): “El arte como procedimiento”, in *Formalismo y vanguardia*, Madrid, Comunicación, pp. 87-114.
- Yunque (1932): “Re-presentación”, 1, Lugo, 1/05.